

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020143	IES de Poio	Poio	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	9
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	13
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	13
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	17
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	18
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	19
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	20
o) Outros apartados	20

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES de Poio localízase no concello de Poio, localidade moi próxima a capital da provincia de Pontevedra e intimamente vencellada co mar e as actividades económicas derivadas: pesqueiras, a industria conserveira así como o turismo. O alumnado da ESO chegado ao noso centro provén esencialmente da mesma vila e localidades da contorna e principalmente dos centros adscritos:

- CEIP Plurilingüe Chancelas, CEIP Espedregada, CEIP Plurilingüe Isidora Riestra, CEIP de Lourido e CEIP de Viñas.

### 1.- Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

k) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

ñ) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas.

### 2.- Obxectivos do bacharelato:

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a

igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

k) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

m) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

ñ) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3.- Obxectivos do Ciclo medio de formación profesional:

a) Elaborar itinerarios para percorridos polo medio natural, establecendo a información necesaria sobre as características do terreo, sobre o tipo de actividade físico-deportiva e sobre os perfís de usuario para deseñar actividades físico- deportivas guiadas con grupos polo medio natural.

b) Programar actividades complementarias de carácter lúdico valorando as características e intereses dos usuarios tipo e a contorna para deseñar actividades físico- deportivas guiadas con grupos polo medio natural.

c) Determinar as actuacións previas á realización das actividades, especificando os trámites, os recursos e os servizos complementarios necesarios para organizar actividades físico-deportivas guiadas con grupos polo medio natural.

d) Revisar e reparar os equipos e os materiais das actividades, establecendo os protocolos e utilizando as técnicas adecuadas para realizar o mantemento dos materiais e equipos necesarios.

e) Aplicar técnicas de animación adaptando a organización dos recursos, do grupo e das estratexias recreativas e asegurando as condicións da contorna para dinamizar actividades culturais e de tempo libre.

f) Analizar o impacto ambiental das actividades con grupos identificando as repercusións das mesmas sobre o medio para sensibilizar cara á conservación dos espazos naturais.

g) Dominar as técnicas de progresión e de conducción de grupos polo medio natural adaptando a organización dos recursos e do grupo e as canles e o tipo de información, para guiar grupos por itinerarios de baixa e media montaña.

h) Dominar as manobras básicas de progresión vertical e de aseguramento con cordas para guiar grupos por covas de baixa dificultade e barrancos de baixo risco.

i) Dominar as técnicas de progresión e de conducción de grupos en bicicleta polo medio natural, adaptando a organización dos recursos e do grupo e as canles e o tipo de información, para guiar grupos por itinerarios en bicicleta.

j) Dominar as técnicas de conducción de grupos dacabalo polo medio natural, adaptando a organización dos recursos e do grupo e as canles e o tipo de información, para dirixir a realización de actividades ecuestres guiadas.

k) Dominar as técnicas básicas de equitación aplicándoas para montar dacabalo.

l) Dominar a técnica dos estilos de natación aplicándoas para desprazarse no medio acuático.

m) Dominar as técnicas de progresión e de conducción de grupos polo medio acuático, adaptando a organización dos recursos e do grupo e as canles e o tipo de información, para guiar grupos polo medio acuático natural en embarcacións de recreo exentas de despacho.

n) Aplicar técnicas de control, seguridade e dinamización das actividades, analizando os riscos inherentes ás actividades e os equipamentos, para guiar usuarios en instalacións de lecer e aventura.

- ñ) Aplicar técnicas de acampada delimitando a localización das zonas e as condicións para organizar a pernoita de grupos no medio natural.
- o) Elaborar protocolos de actuación anticipando posibles continxencias e situacións de perigo ou risco, para determinar e adoptar as medidas de seguridade.
- p) Aplicar procedementos básicos de intervención en caso de accidente utilizando os protocolos establecidos para proporcionar a atención básica aos participantes que os sofren durante o desenvolvemento das actividades.
- q) Aplicar procedementos de rescate adecuados ás situacións de emerxencia no medio terrestre e no acuático, coordinando as medidas de seguridade, utilizando os protocolos establecidos para dirixir ao grupo en situacións de emerxencia.
- r) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e a comunicación para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para adaptarse a diferentes situacións profesionais e laborais.
- s) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.
- t) Adoptar e valorar solucións creativas #ante problemas e continxencias que se presentan no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de forma responsable as incidencias da súa actividade.
- o) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se van a transmitir, á súa finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia do proceso.
- v) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, relacionándoos coas causas que os producen, a fin de fundamentar as medidas preventivas que se van a adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos nun mesmo, nas demais persoas, na contorna e no medio ambiente.
- w) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade universal e ao «deseño para todas as persoas», así como sobre trato adecuado ás persoas con discapacidade.
- x) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.
- y) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- z) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar como cidadán democrático.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Neste apartado compre diferenciar entre as materias dos cursos 2ºESO, 4ºESO e 2ºBACHARELATO nos que sigue vixente a LOMCE e o Decreto 86/2015 que a desenvolve e os cursos 1ºESO, 3ºESO e 1ºBACHARELATO nos que é de aplicación a LOMLOE (Decreto 156/2022, do 15 de setembro e Lei 3/2020, do 29 de decembro).

No tocante aos cursos pares, as concrecións curriculares para os distintos bloques de materias, están recollidas nos anexos I, II e III do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia., e constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupode alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas. As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar. O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a

conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.

Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

A posta en práctica desta recomendación deu lugar á aprobación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliáveis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polo alumnado.

No relativo aos cursos impares e con motivo da coexistencia de leis ao atoparnos nun período de transición LOMCE-LOMLOE (Decreto 156/2022, do 15 de setembro), implántase dende este curso 22-23 o novo currículo. A concreción para os distintos bloques de materias nos cursos de 1ºESO e 3ºESO é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no curso de 1ºBACHARELATO, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos de cursos impares establecen oito competencias, fronte ás sete dos cursos pares. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos, entendidos como o desempeño que alumnado debe poder desprezar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda, e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC, os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra. No relativo á ESO, o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica. O perfil de saída é un aspecto novidoso da ESO que non se establece no Bacharelato. En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais.

Os currículos de aplicación nos cursos impares establecen orientacións pedagóxicas, entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias, procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado e é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír.

Segundo o artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais son os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as

persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

O artigo 18 do Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o artigo 19 do Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece os elementos transversais do currículo que deberán ser traballados en todas as materias ao longo da escolarización do alumnado. Nas programacións didácticas dos diferentes departamentos establecerase a concreción do tratamento dos seguintes elementos transversais:

- Comprensión lectora e expresión oral/escrita: tratarase de adoptar as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, tanto en lingua castelá como en lingua galega, tal e como recolle o artigo 121 punto 2bis da LOMLOE.

- Comunicación audiovisual e competencia dixital: tratarase de potenciar entre o alumnado os instrumentos que ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como medios do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Fomento do espírito crítico e científico: fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar a súa personalidade a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico e científico.

- Emprendemento social e empresarial: tratarase de fomentar entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- Educación cívica e constitucional: tratarase de promover entre o alumnado a aprendizaxe da prevención da violencia e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, etc.

- Educación emocional e en valores e igualdade de xénero: tratarase de fomentar entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan comprender a importancia de lograr unha igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, etc.

- Educación ambiental: o alumnado deberá ser capaz de identificar e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais, cunha perspectiva tanto local como global, como retos ineludibles da nosa sociedade, que lles permita adquirir un sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e do noso planeta.

Ademais do tratamento específico que se recolle nas diferentes programacións didácticas de cada área/materia, o noso IES contempla as seguintes estratexias para o tratamento dos elementos transversais:

- Celebración e actividades relacionadas coas datas conmemorativas do calendario: día contra a violencia de xénero; día dos dereitos humanos; día da muller e da ciencia; día da paz, etc.

- Realización de campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, solidariedade; inmigración, etc.

- Realización de obradoiros e actividades complementarias específicas.



#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada. Supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas en que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

Faise necesario xerar a convicción de que o sistema educativo recompensa de xeito transparente e equitativo o rendemento que se logre nos obxectivos educativos e que reconece especialmente a súa contribución á mellora do contorno. O decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, sinala no seu artigo 11 que os principios metodolóxicos, que o noso centro debe tomar como seus, serán os seguintes:

- Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

- A metodoloxía didáctica neste etapa será especialmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

- Procurarase o traballo en equipo do profesorado ao obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

- No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, no seu caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e unha atención personalizada en función das necesidades de cada persoa. Os mecanismos de reforzo, que se deberán poñer en práctica así como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

- Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para iso, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Nos actuais decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, a agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnado a que van dirixidas.

En calquera caso, en ámbolos dous decretos establécese que os centros, no marco da súa autonomía, impulsarán e desenvolverán os principios, obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio da cidadanía activa, para o que se terá en conta o seguinte:

A metodoloxía será activa e participativa xa que entendemos a aprendizaxe como un proceso persoal e de interacción social que os alumnos e alumnas constrúen en función das relacións comunicativas que se organizan no contexto do centro e da aula. Neste contexto fomentarase a creación dun ambiente que permita relacións informativas e formativas que xeren, en definitiva, un contexto estimulante cara á aprendizaxe e á cultura mediante a creación devínculos positivos. En concreto, unha metodoloxía baseada na integración do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo en grupo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

As propostas metodolóxicas teñen que pór especial énfase no acceso de todo o alumnado á educación básica e atención á diversidade de alumnado. Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias. Na súa práctica docente o profesorado do noso IES atenderá aos principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte, pero a continuación recóllense unha serie de criterios metodolóxicos xerais que cada departamento concretará nas



diferentes programacións didácticas:

- Opcións metodolóxicas axustadas ao nivel inicial do que parte o alumnado e que potencien a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado.
- Opcións metodolóxicas que conceden importancia á comprensión lectora.
- Opcións metodolóxicas que promoven o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
  - Opcións metodolóxicas apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
  - Opcións metodolóxicas baseadas no traballo por proxectos.
  - Opcións metodolóxicas que evitan o uso de modelos de ensino aprendizaxe baseados na transmisión memorística de coñecementos.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O centro educativo, no exercicio da autonomía pedagóxica, decidirá que materiais curriculares se utilizarán nos diferentes cursos de ambas etapa educativas. A adopción dos materiais curriculares, incluídos os libros de texto deberán adaptarse co rigor adecuado ás idades do alumnado e ao currículo establecido na normativa vixente. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, aos valores, ás liberdades e aos dereitos e deberes constitucionais.

Os libros de texto adoptados para un determinado curso no poderán substituírse por outros durante un período mínimo de seis anos. Excepcionalmente e por razóns debidamente xustificadas, os libros de texto poderán substituírse antes dos seis anos, previa autorización da Consellería de Educación. Serán os departamentos docentes os que establezan os criterios para a elección dos materiais curriculares máis adecuados para o desenvolvemento das materias da súa competencia, tendo en conta as diferenzas entre a natureza dunhas materias e outras e a heteroxeneidade das propostas editoriais.

En reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do terceiro trimestre de cada curso aprobarase a relación de libros de texto para o curso seguinte que será publicada na páxina web e nos taboleiros de anuncios do centro.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O IES de Poio ten autorizadas as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria (PMAR en 2ºESO e PDC en 3ºESO)
- Bacharelato nas modalidades de Ciencias. Humanidades e Ciencias Sociais.
- Formación profesional: Ciclo Medio de Guía no medio natural e de tempo libre

Tendo en conta que os centros docentes dispoñen de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas normas que a desenvolven, o IES de Poio, presenta unha oferta educativa flexible que segue como criterio pedagóxico principal que todo o alumnado poida cursar as materias que desexe a pesar de ser un centro mediano en que non sempre é posible configurar grupo en todas as materias que a normativa recolle, para evitar así que o alumnado teña que desprazarse a outros concellos.

En canto ás materias dos diferentes cursos da ESO, son as establecidas nos seguintes artigos e decretos: o artigo 9 do Decreto 156/2022 para 1ºESO e 3ºESO; o artigo 13 do Decreto 86/2005 as materias de 2ºESO e o artigo 14 do Decreto 86/2005 as materias de 4ºESO.

En función das propostas da CCP validadas en claustro, e tendo en conta as solicitudes do alumnado no momento da matrícula, as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

Educación secundaria obrigatoria

- 1ºESO: as dúas horas de libre disposición do centro reforzan as materias de Bioloxía e xeoloxía e Educación física. No tocante ao proxecto competencial, imparteo o departamento de Bioloxía e está centrado en traballar con microorganismos rexeneradores e coa horta escolar.
- 2ºESO: impártense como materias de libre configuración Promoción de estilos de vida saudables e Oratoria. Neste nivel están autorizados agrupamentos en Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e en Matemáticas. Están tamén autorizado un grupo de PMAR.
- 3ºESO: impártense Cultura clásica, Educación dixital e 2ºLE: Francés como materias optativas e o Proxecto competencial impárte o departamento de Música. Contamos con autorización para un grupo de PDC.
- 4ºESO: coa finalidade de orientar a elección do alumnado, as materias agrúpanse de forma que o alumnado poida orientarse cara os estudos postobrigatorios de bacharelato ou os de formación profesional. A distribución das

materias en bloques ten polo tanto un carácter orientador para a continuidade académica. Cómpre ter en conta tamén que a opcionalidade constitúe un instrumento privilexiado para a atención á diversidade de intereses e motivacións, sempre que facilite a consolidación de aprendizaxes fundamentais e a súa orientación educativa posterior.

Bacharelato

No noso IES impártense as seguintes modalidades:

- a) Ciencias e Tecnoloxía.
- b) Ciencias Sociais e Humanidades.

O artigo 10 do DECRETO 157/2022 establece as materias que debe cursar o alumnado en 1º de Bacharelato. Neste curso conformáronse grupos de todas as materias ofertadas nas dúas modalidades de bacharelato autorizadas. En canto ás materias optativas ofertáronse tódas as previstas no artigo pero só se conformou grupo de Lingua e práctica musical, 2ªLE: Francés I e TIC I

O artigo 31 do DECRETO 86/2005 establece as materias que debe cursar o alumnado en 2º de Bacharelato. Neste curso ofertáronse todas as materias de modalidade e conformouse grupo nas seguintes:

- a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Química
- b) Modalidade de Humanidade e Ciencias Sociais: Economía da Empresa, Grego II, Historia da Filosofía e Xeografía

No tocante ás materias optativas de 2º de bacharelato, formouse grupo nas seguintes materias: Afondamento 1ªLE, Ética e filosofía do Dereito, 2ªLE: Francés II, Métodos Estatísticos e Numéricos e TIC II.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Nos artigos 23 a 26 da ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, defínense este tipo de actividades:

"Considéranse actividades complementarias as que se realizan en horario lectivo e que forman parte da programación. Considéranse actividades extraescolares as que se realizan fóra de horario lectivo. A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores. No suposto de que non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma para atender ao alumnado que non participe."

Cómpre especificar que se consideran complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, o traballo de campo, as viaxes de estudo, as conmemoracións e outras semellantes. Por outra banda, considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais etc, se realizan fóra do horario lectivo. En ningún caso, o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

1. Aprobación do Consello Escolar.
2. Autorización escrita do propio alumno/a maior de idade ou dos pais/nais ou titores legais do alumno/a menor de idade.
3. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos. En calquera caso, o número mínimo de profesores e profesoras acompañantes será de dous.
4. O departamento ou docente responsable de organizar a actividade ocuparase de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dos acompañantes, polo menos, será dese departamento.
5. Os distintos departamentos procurarán organizar actividades conxuntas, sempre que sexa posible, para reducir custos. Tamén se poderá colaborar con outros centros para reducir custos.
6. As axudas económicas do profesorado que acompaña o alumnado adaptaranse á normativa vixente (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia). Non obstante, o Consello Escolar do IES de Poio aprobou as seguintes contías en concepto de indemnización para sufragar os gastos de acompañamento de alumnado:
  - Sen réxime contratado: 40.00 euros/día.
  - En réxime de media pensión: 30.00 euros/día.
  - En réxime de pensión completa: 20.00 euros/día.

En caso de saídas dun día de duración nas que non estea prevista a manutención, indemnizarase o profesorado co ticket ou factura que aporte ata un máximo de 20.00 euros.

7. A organización e coordinación da excursión de fin de etapa de 4ºESO corresponderá á Vicedirección do centro.

8. As saídas organizadas para potenciar unha lingua estranxeira serán organizadas polos departamentos de linguas estranxeiras e supervisadas por vicedirección.

As actividades programadas e aprobadas estarán expostas na sala do profesorado e en formato dixital no calendario de actividades de vicedirección. Enviarase un recordatorio das actividades previstas por correo electrónico o último día lectiva da semana previa.

Aspectos básicos de xestión das actividades complementarias e extraescolares

Planificación

Os departamentos didácticos especificarán nas súas programacións anuais a relación das actividades complementarias previstas tendo presente as seguintes consideracións:

1. Co fin de facilitar a organización do curso desde a Vicedirección, farán constar nas programacións, ademais da identificación da actividade, as datas aproximadas de realización e os cursos implicados.

2. As únicas actividades que se poderán engadir ao longo do curso serán as de carácter extraordinario, isto é, aquelas que dependan de convocatorias publicadas durante o curso.

3. É conveniente buscar a coordinación entre departamentos para rendabilizar as actividades.

Os departamentos didácticos serán os encargados de planificar as súas actividades, é dicir, correrá ao seu cargo concertar as visitas coas institucións ou organismos correspondentes, o que inclúe fixar as datas e horarios e informar do alumnado implicado e do profesorado acompañante. Esta planificación comunicaráse á Vicedirección con antelación suficiente á data de realización da actividade. Será responsabilidade de Vicedirección a xestión do transporte, a xestión das achegas do alumnado e das autorizacións e a comunicación pública da actividade ao profesorado, o que inclúe a elaboración das listas de asistentes etc.

Recollida de cartos e autorizacións.

1. A entrega ao alumnado do impreso de autorización, corresponde ao departamento/profesorado organizador.

2. A entrega de cartos e autorizacións por parte do alumnado efectuarase no prazo sinalado no impreso da autorización. Serán os responsables da actividade os encargados de recoller os cartos ou xustificantes bancarios do ingreso e as autorizacións e posteriormente encargaranse de entregalos a vicedirección.

3. De non mediar causa xustificada e por escrito, os cartos entregados non poderán ser devoltos ao alumnado. Vicedirección revisará cada caso de xeito individual.

4. A anulación da actividade implica a devolución dos cartos recadados.

Especificacións para o día da actividade

1. O profesorado encargado da actividade ocuparase de pasar lista antes do inicio da mesma e reflectirá en XADE o alumnado participante que non estexa presente no centro.

2. O alumnado que non participe nela permanecerá na aula co profesorado correspondente á hora lectiva (ou, na súa ausencia, co profesorado de garda).

3. Aquelas actividades desenvolvidas dentro do centro e que non supoñan desembolso económico serán obrigatorias para o alumnado ao que se dirixe. Neste caso, o alumnado será acompañado polo profesorado que nese momento teña clase co grupo e/ou polo profesor/a organizador/a da referida actividade. O profesorado só quedará exento de asistir á actividade prevista se así llo indica Vicedirección.

Indicacións específicas para as actividades complementarias desenvolvidas no centro ou no ámbito do concello

1. O profesorado acompañante do alumnado será, en principio, o asignado polo departamento organizador. No caso de actividades moi numerosas, o profesorado implicado será o que teña clase co alumnado nas respectivas horas abranguidas pola actividade.

2. O profesorado de garda será responsable do alumnado que non participe na actividade.

Indicacións específicas para as actividades complementarias asociadas á celebración do magosto, Nadal, Entroido e fin de curso

1. Estas datas poden ser obxecto de celebracións excepcionais organizadas polo centro educativo.

2. Tanto o profesorado como o alumnado encargaranse de comunicar calquera previsión de actividades á Vicedirección cunha antelación mínima de 15 días.

3. O profesorado ten a obriga de cumprir co seu horario nas devanditas datas e coas indicacións que s'el fagan desde vicedirección para a vixilancia e supervisión do alumnado e da actividade.

Indicacións específicas para a viaxe de fin de etapa de 4ºESO

Criterios de organización da viaxe de estudos

1. A viaxe de estudos é unha actividade proposta polo centro e organizada por Vicedirección, quen analizará a conveniencia ou non da súa organización vistas as circunstancias concurrentes en cada curso escolar.

2. Ten como obxectivos o enriquecemento cultural e a convivencia entre o alumnado, aproveitándose estas viaxes para visitar monumentos, museos, xardíns botánicos, parques naturais, industrias etc.

3. As datas de realización deberán marcarse coa suficiente antelación para planificar exames, exames de pendentos etc.

4. As datas de realización da viaxe estarán en función do lugar que se visite e da menor interrupción da actividade lectiva.

5. Poderá participar nestas actividades todo o alumnado, agás aqueles que fosen suspendidos deste dereito por decisión do/a Director/a ou o/a Xefe/a de Estudos, sempre que cumpran cos prazos de pago establecidos. En caso de existir algunha circunstancia excepcional, esta será comunicada a vicedirección previamente.

Consideracións sobre o comportamento do alumnado na viaxe de fin de etapa

1. Durante a viaxe o alumnado deberá cumprir con todo rigor o programa de actividades establecido, mantendo en todo momento un comportamento correcto e respectando os seus compañeiros/as e ao profesorado, así como as persoas e costumes do lugar visitado.

2. O alumnado deberá respectar as seguintes prohibicións expresas: consumo de alcohol, consumo e distribución de calquera tipo de drogas ou substancias prohibidas. Tampouco se permitirán altercados ou escándalos nin que non respecte o mobiliario nin as instalacións dos lugares que se visitan.

3. O non cumprimento das normas anteriores poderá ter as seguintes consecuencias:

- Expulsión inmediata da viaxe e regreso do/a alumno/a ao seu domicilio. O custo económico desta medida correrá a cargo do/a alumno/a.

- Apertura de expediente disciplinario.

- O custo económico dos danos provocados polo mal uso das instalacións será aboado polo/a alumno/a.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias destinado a súa recuperación.

Establécense os criterios seguintes:

- O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumnado teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

- O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado.

- A superación da materia pendente por parte do alumnado estará vencellada á avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

Protocolo de actuación co alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será o seguinte:

1. No mes de setembro, as xefaturas de departamento comunicarán a Xefatura de estudos os instrumentos que se empregarán para a recuperación da materia pendente e as datas públicas de exame ou entrega de tarefas. Xefatura de estudos elaborará un calendario de materias pendentes e velará porque se repartan ao longo do curso e non se concentren nos mesmos períodos. Velará así mesmo por que non se programe máis dunha proba no mesmo día.

2. Os departamentos, nas súas programacións didácticas, incluírán as actividades para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores así como a forma na que o alumnado pode superalas.

3. No caso do alumnado incorporado a programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) que teñan algunha materia pendente que forme parte dos ámbitos, será o docente dese ámbito, en coordinación co Xefe/a do departamento didáctico de dita materia, quen estableza a maneira de recuperar a materia pendente.

4. Rematado o prazo de matrícula e antes do inicio das sesións lectivas, elaborárase dende Xefatura de Estudos unha listaxe do alumnado coas materias pendentes correspondentes a cada departamento e farase chegar esa listaxe a cada xefatura de departamento.

5. As xefaturas de departamento cubrirán un informe individualizado coa información relativa á recuperación da materias pendentes, coas actividades e as probas que o alumnado ten que realizar. Ditos informes serán entregados ao alumnado e postos en coñecemento das familias.

6. Durante o curso, a atención do alumnado con materia pendente corresponderá ao docente da materia correspondente segundo as directrices acordadas no departamento implicado e, en caso de que o/a alumno/a xa non a curse, será responsabilidade da xefatura do departamento quen comunicará á persoa titora a información relativa ao plan de reforzo e á recuperación da materia.

7. O alumnado con materias pendentes será cualificado trimestralmente, recibirá información específica da recuperación da materia e farase o seguimento da materia pendente nas diferentes sesións de avaliación do curso.

Posibles instrumentos de avaliación nas materias pendentes:

1. Tarefas semanais/quincenais/mensuais/trimestrais: para facilitar a coordinación e o seguimento do alumnado, as xefaturas de departamento establecerán un calendario de entregas.

2. Exame/s: as xefaturas de departamento comunicaranas a xefatura de estudos no mes de setembro. Os departamentos explicarán con claridade os contidos de cada exame e indicarán así mesmo o valor de cada proba parcial no cómputo final.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que repita un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado. O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado tutor. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden. Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación de información á familia.
- h) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- i) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- j) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- k) Acreditación de información á familia.

Protocolo de actuación

1. Antes do inicio do curso escolar, Xefatura de Estudos informará ás persoas titoras sobre o alumnado que non promociona e ten que contar cun plan específico personalizados.
2. Xefatura de Estudos coordinará e seguirá todo o proceso e velará porque a persoa titora recolla as demandas e dificultades que os distintos profesores e profesoras vaian presentando.
3. A persoa titora elaborará o plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior e cada docente establecerá os reforzos necesarios para o alumnado que o necesite a partir da información obtida na memoria final do departamentodo curso anterior na que figurará a información relacionada co alumnado que suspenda e teña que repetir curso.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Educación Secundaria Obrigatoria

A) Criterios de avaliación

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.
3. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da ESO será continua, formativa e integradora. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos a consecución



dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

4. Ao longo de cada curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais, coincidindo a última delas coa avaliación final que se desenvolverá a partir do 21 de xuño.

5. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

6. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

#### B) Criterios de promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os seguintes criterios:

1.1. Promocionará dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

1.2 O equipo docente poderá excepcionalmente decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da matrícula dese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, seguindo o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado, seguindo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

#### C) Criterios de titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a titulación do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.

1.1. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

1.2. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da matrícula nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

#### Bacharelato

##### A) Criterios de avaliación

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un



carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

5. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. A avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria realizaranse segundo indica o calendario escolar vixente.

6. No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias. No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

7. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).

8. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

#### B) Criterios de promoción

1. Ao finalizar o primeiro curso, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción ao segundo curso do alumnado.

2. O alumnado acadará a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando supere as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Só se computarán as materias que como mínimo deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

4. O alumnado do primeiro curso de bacharelato que non cumpra as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións nas que acadou a promoción a segundo.

6. O alumnado que ó termo do segundo curso tivese avaliación negativa nalgúns materias poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso superadas previamente.

#### C) Criterios de titulación

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada nesa materia (superior ó 10% do horario lectivo mensual da materia)

c) Que se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas nas diferentes materias cursadas na etapa, que como mínimo sexan requeridas para a obtención do título pola modalidade escollida, sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

#### CICLO MEDIO

##### A) Criterios de avaliación e de promoción

a. A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

b. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais.

c. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización e funcionamento do centro.

d. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

e. A cualificación dos módulos profesionais, agás o de formación en centros de traballo (FCT), será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. A cualificación obtida nun módulo profesional superado trasladarase a calquera dos ciclos formativos en que este estea incluído.

f. Na avaliación do módulo profesional de FCT colaborará co titor ou coa titora do centro educativo o titor ou titora da empresa que designe o correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumno ou da alumna. A cualificación do dito módulo profesional será en termos de «apto» ou «apta», ou «non apto» ou «non apta».

g. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

h. Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra que será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna. O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Avaliacións parciais de módulos do primeiro curso.

a. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

b. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Avaliación final de módulos do primeiro curso.

a. A sesión de avaliación final de módulos do primeiro curso corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos no centro educativo.

b. Na sesión de avaliación final de módulos de primeiro curso, o equipo docente tomará as decisións sobre promoción do alumnado ao seguinte curso. No suposto de que se pase de curso con módulos pendentes, o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial. Nestes módulos pendentes de primeiro curso non será de aplicación a perda do dereito á avaliación continua e elaborárase un informe de avaliación individualizado conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

c. O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en

que serán avaliados. O informe de avaliación individualizado conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

Avaliación final de módulos do segundo curso.

a. A sesión de avaliación final de módulos do segundo curso realizarase logo de rematado o período ordinario de realización da FCT. Para estes efectos, entenderase que o módulo de FCT é un módulo de segundo curso, dacordo co establecido nos currículos correspondentes a cada ciclo formativo. Na sesión de avaliación final de módulos de segundo curso, o equipo docente:

a) Realizará a proposta de título para o alumnado que obtivese cualificación positiva nos módulos de FCT.

b) Proporalle a realización da FCT ao alumnado que recuperase os módulos pendentes de primeiro e segundo curso durante o período ordinario de realización da FCT. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT.

Avaliación final extraordinaria de módulos do segundo curso.

a. O alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso teña pendente exclusivamente a FCT, poderá realízalos en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria de módulos de segundo curso, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT.

B) Criterios de titulación.

Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Educación Secundaria Obrigatoria

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obteña unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En caso de que o alumnado do cuarto curso cunha nota media superior a nove puntos supere o 5% do alumnado matriculado nese curso, recorrerase á nota media do terceiro curso para outorgar a matrícula de honra e, en caso de persistir esta situación, recorrerase á nota media do segundo curso de secundaria ou mesmo do primeiro curso.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Bacharelato

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obteña unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En caso de que o alumnado do segundo curso cunha nota media superior a nove puntos supere o 5% do alumnado matriculado no curso, recorrerase á nota media do primeiro curso para outorgar a matrícula de honra e, en caso de persistir esta situación, recorrerase á nota media da etapa de educación secundaria obrigatoria.

Ciclo Medio

1. O alumnado que obteña unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra que será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna. O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnado matriculado con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumnado.

## I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos didácticos desenvolverán o currículo establecido mediante as programacións didácticas de cada materia e curso. Estas programacións didácticas son públicas e están a disposición da comunidade educativa na páxina web do noso centro. Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran no seu departamento tralos acordos alcanzados no mesmo.

As programacións serán entregadas antes do inicio das actividades lectivas á Xefatura de estudos para o seu posterior envío ao Servizo de Inspección Educativa e para a súa publicación na páxina web do instituto polo que a entrega será en formato dixital. A xefatura de departamento será a responsable de entregar as programacións didácticas segundo a estrutura esixida pola normativa vixente (pódese consultar máis adiante) e será tamén a responsable de facilitar á dirección do centro un resumo dos criterios de cualificación que se aplicarán en tódalas materias adxudicadas ao departamento, resumo que será así mesmo publicado na páxina web do instituto. Nas primeiras sesións lectivas, o profesorado informará ao alumnado dos aspectos máis salientables da programación docente da súa materia ou ámbito e levantará acta de que se facilita esa información ao alumnado incluíndo datos coma o día e a hora na que se fai dita comunicación.

As programacións didácticas das diferentes materias de 1º, 3ºESO e de 1º BACHARELATO (LOMLOE) serán elaboradas na aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens/>) e incluírán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía
  - a. Concrecións metodolóxicas.
  - b. Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación
  - a. Procedemento para a avaliación inicial
  - b. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para asuperación.
  - c. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversalidade.
  - a. Concreción dos elementos transversais.
  - b. Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

As programacións didácticas das diferentes materias de 2º, 4ºESO e 2º BACHARELATO (LOMCE) entregaranse en formato dixital e incluírán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Concreción dos obxectivos para cada curso.
- d) Concreción dos estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.
- g) Criterios de avaliación.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso de bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais
- n) Actividades complementarias programadas por cada departamento didáctico.
- o) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

As programacións didácticas dos diferentes módulos do ciclo medio realizaranse na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programacions> e incluírán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Identificación da programación.

- b) Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
- c) Relación das unidades didácticas que integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
  - a. Identificación da unidade didáctica.
  - b. Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.
  - c. Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
  - d. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.
  - e. Contidos.
  - f. Actividades de ensino aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.
- d) Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
- e) Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
  - a. Procedemento para definir as actividades de recuperación.
  - b. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
- f) Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
- g) Medidas de atención á diversidade.
  - a. Procedemento para a realización da avaliación inicial.
  - b. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
- h) Aspectos transversais.
  - a. Programación de educación en valores.
  - b. Actividades complementarias.
- i) Actividades complementarias programadas por cada departamento didáctico.
- j) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O centro e os diferentes departamentos didácticos reciben e valoran continuamente propostas de participación en diferentes proxectos, plans e programas que proceden de diferentes administracións, fundacións e entidades públicas ou privadas. En caso de que haxa departamentos interesados e profesorado e/ou alumnado con disposición a participar nas propostas presentadas, a dirección do centro tramitará a correspondente solicitude. Como criterio xeral, o centro participará prioritariamente en convocatorias da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e do Ministerio de Educación e Formación profesional. Por unha banda, os departamentos valorarán a conveniencia e pertinencia de participar nun proxecto, así como os beneficios que pode reportar ao centro e ao alumnado e por outra banda valorarase que non colisione con outros proxectos ou programas, nin co proceso de ensino-aprendizaxe tanto de profesorado como de alumnado.

Cómpre sinalar que o IES de Poio participa en numerosos plans e proxectos da consellería e que o noso claustro é unha comunidade educativa activa e comprometida coa educación. Programas, proxectos e plans nos que participa o IES de Poio no curso 2022/2023:

- Clubs de Lectura
- PLAMBE. Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares
- Voluntariado de biblioteca escolar
- Contratos-Programa Innova
- Contratos-Programa Inclúe
- Plan de Formación Permanente de Profesorado
- E-twinning
- Erasmus+ (alumnado de Formación profesional)
- EduExchanges
- Probas de acreditación de linguas estranxeiras.
- Programa auxiliares de conversa
- UACO: Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar
- Plan Proxecta: Plan de Vida Activa e saudable / Aliméntate ben

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Antes do inicio do curso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do curso propórase a concreción curricular para o curso que se inicia e os departamentos valorarán esta proposta e poderán aportar propostas que consideren interesantes para o curso. A proposta definitiva será presentada para a súa aprobación en claustro antes do inicio do período lectivo.

A avaliación e seguimento da proposta curricular debe ser permanente e continua, e debe permitir a introdución de correccións ou modificacións cando sexa necesario pois poden darse circunstancias especiais que poden motivar a introdución de novos obxectivos ou novas medidas necesarias para facer fronte ás necesidades que poidan xurdir no centro.

A avaliación da concreción curricular farase ao rematar o curso académico e en dous niveis:

1. Primeiro nivel: os departamentos didácticos revisarán e valorarán a concreción curricular e propoñerán modificacións xustificando as mesmas.
2. Segundo nivel: a comisión de coordinación pedagóxica valorará as suxestións dos departamentos didácticos e consensuará un documento que se elevará a aprobación do claustro antes do inicio do período lectivo seguinte.

## **o) Outros apartados**

1. .